

MYKES

Boletín do Grupo Micolóxico Galego
“Luis Freire”

Volume 28
2025



GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

CONSELLO EDITORIAL

Coordinador José Rodríguez Vázquez

Consello de redacción:

Tixiana Albizúa Cabaleiro
Xan Bellón Muñiz
María Cabaleiro Alfaya
Patricia Comesaña Martínez
Hugo Fernández Ricón
Purificación Lorenzo Castro
Adrián Melón Raña
Gabriel Pérez Torrón
Mauro Rivas Ferreiro
Sergio Rojo Martínez

Consello científico asesor:

Nicanor Floro Andrés Rodríguez
Marisa Castro Cerceda
Ignacio García González
Alfredo Justo Fernández
Margarita Pérez Froiz
Antonio Rigueiro Rodríguez
Elvira Sahuquillo Balbuena

Maquetación:

M^a Ángela Comesaña Martínez

Os manuscritos remitidos a Mykes son revisados por asesores externos antes de seren aceptados ou rexeitados

SUBSCRICIÓN E EDICIÓN: Grupo Micológico Galego “Luís Freire”

DIRECCIÓN: Apartado de Correos 3083 (E-36200 - Vigo)

e-mail: conselloeditorial@mykes.es

web: www.mykes.es

Subscripción anual 10 €

Foto da cuberta: *Paragalactinia berthetiana*

Foto Antonio Prunell

ISSN: 1575- 068X

DEP. LEGAL: VG: 709-98

ALGÚNS MACROMICETES DA SERRA DA ENCIÑA DA LASTRÁ (RUBIÁ, OURENSE, NO IBÉRICO)

por

¹M.L. Castro & ²M. Rivas-Ferreiro

CASTRO, M.L. & RIVAS-FERREIRO, M. 2025. Algúns macromicetes da Serra da Enciña da Lastra (Rubiá, Ourense, NO Ibérico) . *Mykes* 28: 45-74.

Resumo

Neste artigo figuran 27 coleccións de *Ascomycota* e *Basidiomycota* pertencentes a 17 familias, recolectadas en Ourense (Galicia, NO Ibérico). Destacan pola súa rareza no noroccidente ibérico: *Geoglossum umbratile*, *Hydnum pallidum*, *Lactarius atlanticus*, *Melanoleuca graminicola*, *Paragalactinia berthetiana*, *Tephrocycbe misera*, *Tricholoma triste* e *Xerula pudens*.

Palabras clave: macromicetes, NO Ibérico, Ourense, *Ascomycota*, *Basidiomycota*.

CASTRO, M.L. & RIVAS-FERREIRO, M. 2025. Some mushrooms of Serra Enciña da Lastra (Rubiá, Ourense, NW Iberian Peninsula). *Mykes* 28: 45-74.

Summary

In this paper we present 27 collections of phyla *Ascomycota* and *Basidiomycota* belonging to 17 families, collected in Ourense (Galician, NW Iberia). The following species found are notable for their rarity in the northwest of the Iberian Peninsula: *Geoglossum umbratile*, *Hydnum pallidum*, *Lactarius atlanticus*, *Melanoleuca graminicola*, *Paragalactinia berthetiana*, *Tephrocycbe misera*, *Tricholoma triste* and *Xerula pudens*.

¹Grupo Micolóxico Galego. Correo: ml.castro@sapo.pt

²Centro de Investigación Mariña (CIM), Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía, Universidade de Vigo. Correo: mauro.rivas@uvigo.gal

Key words: macromycetes, NW Iberian Peninsula, Ourense, *Ascomycota*, *Basidiomycota*.

INTRODUCCIÓN

O Parque Natural «Serra da Enciña da Lastra», cunha superficie de 3151,67 ha, foi declarado como tal por Decreto 157/2002, de 4 de abril (DOG 85, de 3 de maio de 2002), inda que anteriormente estas serras foran declaradas espazo natural en réxime de protección xeral pola Orde do 9 de novembro de 1998.

Trátase dun territorio pertencente ao concello de Rubiá, localizado no noroeste da provincia de Ourense, limitando coa comarca do Bierzo (Castela e León). Esta serra é un sistema montañoso que vai de oeste-noroeste a este-sureste para acabar no vale do Sil, enlazando a cordilleira Cantábrica e os montes de León xerando fortes vertentes e cortados calcarios, que oscilan entre os Penedos de Oulego (960-1037 m) e A Oliva (763 m).

As serras de Rubiá son notables no que a terreos calcarios en Galicia se refire; ademais de presentar unha importante rede kàrstica, os acantilados e os cortados case verticais danlle características especiais á zona, tanto dende o punto de vista faunístico como florístico. Trátase dunha zona na que predominan rochas calizas e dolomías, ambas sedimentarias e ricas en carbonatos cálcico e magnésico, respectivamente, xunto cunha importante presenza de arxilas que producen solos peculiares que favorecen o desenvolvemento de vexetación calcícola (AMIGO *et al.*, 2005).

A partir dos datos da estación de As Petarelas pódense deducir certas características bioclimáticas para o Parque Natural (AEMET, 2024). O seu territorio encádrase nun macrobioclima temperado, na súa variante submediterránea, cunha sequía no verán superior ao temperado característico da maior parte de Galicia (RODRÍGUEZ & RAMIL-REGO, 2007). Como en toda esa zona os invernos son fríos e o verán moi cálidos e a precipitación anual non chega aos 800 mm por ano, sendo máis abundante durante os períodos de inverno e principio da primavera.

Este territorio considérase o único onde esta representado o termotipo mesomediterráneo, que se estende por la maior parte do río Sil en Galicia e os seus afluentes. Con todo, ao estar lonxe do mar venise favorecidas numerosas inversións térmicas durante o inverno, inda que non parecen limitar a presenza das especies propias deste tipo de climas. No Parque Natural están catalogados un mínimo de 512 taxons e 16 comunidades vexetais (GIMÉNEZ & AMIGO, 1996; AMIGO *et al.*, 2005), entre as que destacan os aciñeirais tan escasos no territorio galego.

Entre a flora leñosa destacan a aciñeira (*Quercus rotundifolia* Lam.), o érbedo (*Arbutus unedo* L.), o aderno (*Phillyrea angustifolia* L.) ou o escornacabras (*Pistacia terebinthus* L.), con follas todas esclerófilas adaptadas ás condicións de escasa pluviometría, ademais de estripeiros (*Crataegus monogyna* Jacq.), madreselva (*Lonicera etrusca* Santi), silvardeira (*Ruscus aculeatus* L.), xesta negra (*Cytisus scoparius* (L.) Link), arzaia (*Lavandula stoechas* L.) e varias especies de carpazas (*Cistus salvifolium* L., *C. psilosepalus* Sweet, *C. populifolius* L.) e estevas (*Cistus ladanifer* L.), sen esquecer herbáceas propias desta climatoloxía como *Teucrium scorodonia* L., *Rubia peregrina* L., *Melittis melissophyllum* L., etc. (AMIGO *et al.*, 2005; RODRÍGUEZ & RAMIL-REGO, 2007).

En terras con máis fondura poden verse tamén algúns exemplares de sobreiros (*Quercus suber* L.).

METODOLOXÍA

O material estudado corresponde a unha saída do Grupo Micolóxico Galego «Luis Freire», realizada nos días 23 e 24 de novembro de 2025, en dúas localidades do Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra (Ourense): Oulego, ruta Tras os Penedos, entre plantacións de piñeiros, carballo americano, faias, entre outra fauna autóctona e Covas, entre soutos, matogueiras con *Cistus ladanifer* e *Cistus salvifolius*, ademais de bosques de aciñeiras.

Os exemplares foron recolectados por diversos socios, que aparecen como *legit* en cada especie. Tanto o transporte ao

laboratorio como o deshidratado das *exsiccata* realizouse seguindo a metodoloxía habitual, separando no campo, en recipientes diferenciados, cada posible taxon e anotando *in situ* os caracteres organolépticos máis efémeros.

Na primeira aproximación, antes da deshidratación foron usadas guías de campo de carácter xeral, xa no laboratorio usáronse as monografías habituais e diversos artigos específicos, mencionados na descrición de cada taxon. A súa distribución a nivel europeo e ibérico comprobouse en GBIF SECRETARIAT (en liña), FGM (en liña) e RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO (en liña). A nomenclatura e a taxonomía sigue as pautas da base de datos nomenclatural de INDEX FUNGORUM (2024) e as *exsiccata* depositáronse na micoteca LOU-Fungi (SIAM de Lourizán, Pontevedra).

CATÁLOGO DE ESPECIES

Foron estudadas 27 coleccións, pertencentes 5 às familias *Geoglossaceae*, *Helvellaceae* e *Pezizaceae* (phylum *Ascomycota*) e as 22 restantes a *Agaricaceae*, *Clitocybaceae*, *Hydnaceae*, *Hydnangiaceae*, *Hymenosgastraceae*, *Inocybeaceae*, *Lyophyllaceae*, *Naemateliaceae*, *Omphalotaceae*, *Physalacriaceae*, *Polyporaceae*, *Russulaceae*, *Stereaceae* e *Tricholomataceae* (phylum *Basidiomycota*).

Entre os 25 taxons estudados e identificados destacan como novidades para Galicia as especies *Hydnum pallidum*, *Tephrocybe misera* e *Xerula pudens*, e para Ourense *Galerina hypnorum*, *Geoglossum umbratile*, *Hebeloma sacchariolens*, *Inocybe cervicolor*, *Inocybe geophylla*, *Lactarius atlanticus*, *Melanoleuca graminicola*, *Paragalactinia berthetiana* e *Tricholoma triste*.

Phylum ASCOMYCOTA

Familia GEOGLOSSACEAE

***Geoglossum umbratile* Sacc., *Michelia*, 1(4): 444. 1878 [Fig. 1]**

Covas, na marxe dun camiño, ao borde de bosque, entre herba, 24/11/2024, S.V. Laschuetza & A. Quintela, LOU-Fungi 22167.

Os ascomas das especies deste xénero son semellantes entre si, forma máis ou menos espatulada, negros e lisos, sen tricomas. Neste caso o apotecio é seco e mide ata 3x0,5 cm, mentres que o estipe é máis curto e delgado, aguzándose lixeiramente na base. Estroma grisáceo.

Ascospores aplanados e amiloides no ápice, ata 200 µm. Esporas de cor parda escura, fusiformes ou en forma de verme, ás veces arqueadas, con 6-7 septos, de 67-75 (85)x5-5,5 µm. Parafisos redondeados no ápice, con septos lixeiramente estrangulados.

A morfoloxía esporal e a dos parafisos permiten identificar a especie (KUCĚRA & LIZOŇ, 2012). Con todo, baixo este nome foron incluídos varios taxons diferentes, dos que inda faltan estudos xeneralizados con DNA para chegar a determinalo con precisión (ARAUZO & IGLESIAS, 2014).

Esta problemática impide establecer claramente a súa distribución mundial, inda que para Galicia aparece mencionado para A Coruña, Lugo e Pontevedra, non así para Ourense.



Figura 1. *Geoglossum umbratile*

Familia *HELVELLACEAE*

***Helvella crispa* (Scop.) Fr.**, *Syst. mycol.*, 2(1): 14. 1822 [Fig. 2]
Covas, entre herba e musgo, marxe de camiño, 24/11/2024, N.A.
Lomba e A. Prunell, LOU-Fungi 22162.

Varios exemplares de 4-8 cm de altura, coa cabeza branca crema, en forma de sela de montar e o pé concolor, con numerosas costelas lonxitudinais.

Común tanto en outono na marxe de bosques de planifolias por todo o Hemisferio Norte (GBIF SECRETARIAT, en liña). En Galicia é moito máis frecuente no interior que no litoral.



Figura 2. *Helvella crispa*

***Helvella lacunosa* Afzel, Kongl. Vetensk. Acad. Nya Handl., 4: 304. 1783 [Fig. 3]**

Covas, entre herba e musgo, marxe de camiño, 24/11/2024, S.V. Laschuetza & A. Quintela, LOU-Fungi 22163.

Dous exemplares de pequeno tamaño, menos de 3 cm de altura, coa cabeza negra, en forma de sela de montar e o pé branco con costelas.

Polo hábitat e tamaño podería confundirse con *Helvella atra* J.König, con todo, esta ten o pé completamente negro.

Común tanto en primavera como outono na marxe de bosques de planifolias e de coníferas por todo o Hemisferio Norte (GBIF SECRETARIAT, en liña). Tamén en Galicia, tanto no interior coma no litoral.



Figura 3. *Helvella lacunosa*

Familia *PEZIZACEAE*

***Paragalactinia berthetiana* (Donadini) Van Wooren**, *Ascomycete.org*, 12(4): 189. 2020 [Fig. 4]

Covas, marxe de bosque, zona de terra, 24/11/2024, M. Castro, LOU-Fungi 22173. Oulego, zona de terra na beira do bosque, 23/11/2014, M. Castro, LOU-Fungi 22180.

Ascoma en forma de copa fonda, de 1-2,5 cm, marxe lisa ou ondulada, interior de cor parda, máis escura no centro, exteriormente con aspecto pruinoso, de cor máis clara, ocrácea escura nalgún exemplar. Non se observou o látex amarelado que se menciona na bibliografía.

Ascos fortemente amiloides, octospóreas e uniseriadas, ata 300 x 15 µm, Esporas elipsoides, finas, pero amplamente, verrucosas, ás veces unigutuladas, de 16-18(20)x10(11) µm, parafisos tabicados, pardos, de 5-6 µm, algunhas veces lixeiramente ensanchados no ápice, bastante máis cortos que os ascos.

O pequeno tamaño, a cor do ascoma, os parafisos pardos e a ornamentación esporal, conducen a esta especie, con todo as esporas nalgún caso exceden que o indicado na bibliografía (PALAZÓN, 2001; MEDARDI, 2006), inda que son coincidentes con outras coleccións ibéricas (RIBES, en liña).

Especie pouco frecuente a nivel europeo, na Península Ibérica manifesta distribución oriental (GBIF SECRETARIAT, en liña); en Galicia, so mencionada para Pontevedra (CORRAL & REQUEJO, 2018).



Figura 4. *Paragalactinia berthetiana*

Phylum *BASIDIOMYCOTA*

Familia *AGARICACEAE*

***Lycoperdon lividum* Pers., J. Bot. (Desvaux), 2: 18. 1809 [Fig.5]**

Covas, bosque mediterráneo, 24/11/2015, M.Castro & F.X. Martins, LOU-Fungi 22171.

Basidiomas moi maduros, case sen ornamentación, xa tiña caído, piriformes, de pequeno tamaño, menos de 2 cm de diámetro, de cor grisácea. Gleba de cor parda escura. Nun dos exemplares parece observarse un pequeno rizomorfo.

Esporas lixeiramente verrucosas, de parede grosa, ata $4,5 \times 4 \mu\text{m}$. Capilicio fráxil, fragmentado, ata $4,5\text{-}5 \mu\text{m}$ de ancho, con numerosos poros. Non se observaron tabiques.

Común en toda Europa, ademáis dalgunhas zonas de Norteamérica e Australia (GBIF SECRETARIAT, en liña), tamén na Península Ibérica (CALONGE, 1998). No noroeste ibérico é común, inda que non demasiado frecuente, coñécese das catro provincias galegas.



Figura5. *Lycoperdon lividum*

Familia *CLITOCYBACEAE*

***Clitocybe rivulosa* (Pers.) P. Kumm., Führer. Pilzk.: 122. 1871**
[Fig. 6]

(= *Clitocybe dealbata* sensu auct. plur.)

Oulego, marxe de bosque, entre herba, 23/11/2024, M. Castro, LOU-Fungi 22156; *idem*, entre musgo e herba, M. Castro, LOU-Fungi 22157.

Chapeu de pequeno tamaño, menos de 3 cm, branco, tendente ao ocre rosado, cutícula «glaseada» nalgúns exemplares, láminas apretadas e decurrentes, de cor ocrácea, pé cilíndrico e carne con lixeiro cheiro a fariña.

Basidios tetraspóricos e con fíbulas, esporas subglobosas ou elipsoides, lisas, de 4-7 x 3,5-4 µm. Non se observaron cistidios. Segundo MUÑOZ (2018) diferéncianse *Clitocybe dealbata* (Sow.) P. Kumm. e *Clitocybe rivulosa* porque este, en xeral, é de tamaño maior e ten esporas elipsoidais, mentres que KUYPER (1995) considera *Clitocybe dealbata* auct. plur., sinónimo de *Clitocybe rivulosa*. A pesar do pequeno tamaño dos basidiomas estudados, optouse pola esta acepción, debido a que as esporas poden ser subglobosas ou elipsoides e o resto dos caracteres microscópicos non permiten diferencialos. Ambos son tóxicos.

Parece tratarse dunha especie común, inda que pola confusión posible con outras especies brancas do xénero resulta difícil concretar a súa distribución, con todo; en Galicia é común (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, en liña).

***Collybia sordida* (Schumach.) Z.M.He & Z.L. Yang, Fungal Diversity, 123: 35. 2023** [Fig. 7]

Covas, bosque mediterráneo, 24/11/2024, A. Mínguez e R. Mínguez, LOU-Fungi 22158.

Basidiomas máis ou menos lilacino grisáceos ou lilacino parduscos, algo máis claro nas láminas, de carne delgada aromática.

Basidios tetraspóricos, con fíbulas. Esporas elipsoidais ou subglobosas, con pequenas verrugas, de 6-7,5 x 4-5,5 µm.

Na base de datos nomenclatural INDEX FUNGORUM (en liña)



Figura6. *Clitocybe rivulosa*

menciónanse *Lepista sordida* e *Collybia sordida* en fichas separadas, pero traballos filoxenéticos recentes indican que, en base á análise filoxenética baseado en ITS de diversas especies de *Lepista* con tonalidades violáceas, entre as que se atopa *Lepista sordida* (Schumach.) Singer agrúpanse formando un clado monofilético (BP 95% e PP 1.00) dentro do xénero actual *Collybia*, subxénero *Leucocalocybe*, familia *Clitocybaceae* (HE et al., 2023).



Figura7. *Collybia sordida*

Con estas revisións taxonómicas non é doado indicar a distribución do taxon, con todo, *Lepista sordida* (Schumach.) Singer está espallada por todo o Planeta, inda que con maior frecuencia en Europa (GBIF SECRETARIAT, en liña) e, en Galicia, publicáronse dúas variedades, de tal xeito que *L. sordida* var. *lilacea* (Quél.) Bon é frecuente nos areais do litoral, mentres que a especie tipo parece menos común, inda que está citada tamén no interior, incluída a provincia de Ourense (CAMPOAMOR, 2002).

Familia *HYDNACEAE*

***Clavulina rugosa* (Bull.) J.Schröt., in Cohn, Krypt.-Fl. Schlesien, 3-1(4): 442. 1888 [Fig. 8]**

Oulego, entre musgos e herbas na marxe do bosque, 28/11/2024, F.X. Martins & M. Castro, LOU-Fungi 22155.

Numerosos basidiomas de cor branca ou branca crema, máis ou menos filiformes ou espatulados, coa cutícula fortemente rugosa. Adelgazados na base.

Os exemplares máis espatulados e lixeiramente dentados no ápice poderían facer pensar en *Corallina coralloides* (L.) J. Schröt, pero esta ten sempre o ápice ramificado como un coral.

Taxon moi común no Hemisferio Norte e no sur de Australia (GBIF SECRETARIAT, en liña), tamén en Galicia.

***Hydnum pallidum* Raddi, Mem. Mat. Fis. Soc. Ital. 13(2): 353. 1807 [Fig. 9]**

Covas, bosque mediterráneo, 24/11/2024, M. Rivas & F.X. Martins, LOU-Fungi 22164.

Relativamente abundante durante esa visita. Chapeu ata 5-6 cm, de cor branca nívea en fresco, en seco cor ocre clara, aveludada e marxe incurvada. Aguillóns decorrentes e brancos, amarelean ao tacto e desprendense con extrema facilidade en capa. Pé groso, ás veces algo excéntrico e curvado na base, ata 2,5x0,6 cm, concolor co resto do basidioma. Cheiro e sabor suave, agradable.

Basidios tetraspóricos, alongados, ata 50 µm, con fíbulas na base, esporas elipsoides ou subglobosas, lisas, de 5-5,5x3,5-4 µm, apículo lateral. Non se observaron cistidios.



Figura8. *Clavulina rugosa*

Parece tratarse dunha especie máis relacionada con terrenos básicos que co tipo de árbore, xa que foi mencionada tanto baixo árbores caducifolias (JÜLICH, 1989, PALAZÓN, 2001) como perennifolias e coníferas (ROMERA, 2015). Esta especie aparece habitualmente citada como *H. albidum* Peck; non obstante, MÁRQUEZ-SANZ *et al.* (2023) diferencian morfoloxica- e

molecularmente o concepto de *H. albidum* americano do concepto europeo, para o cal rescataron o nome *H. pallidum* que aplicamos neste artigo.

Taxon citado frecuentemente en Europa. Non o coñecemos mencionado con anterioridade en Galicia.



Figura9. *Hydnum pallidum*

Familia *HYDNANGIACEAE*

***Laccaria laccata* var. *pallidifolia* (Peck) Peck, Bull. New York State Mus. Nat. Hist., 157: 92. 1912**

Oulego, marxe de bosque mediterráneo, 23/11/2024, M. Castro, LOU-Fungi 22168.

Chapeu ata 3cm de diámetro, convexo, lixeiramente truncado ou afundido no centro, de cor parda avermellada en fresco e lixeiramente estriado, despois ocre cárnea, sen estrías, láminas escotadas, apretadas, moi pálidas en seco, pé ata 5x0,4cm, lonxitudinalmente estriado e con bastante micelio branco na base. Basidios tetraspóricos, con fíbulas, ata 40x7µm e longos esterigmas, esporas subglobosas, de 7,5-10µm, con espiñas

numerosas e cortas, menos de $1,5\mu\text{m}$, cheilocistidios con aspecto e tamaño semellante, ás veces máis estreitos no ápice. Menciónase tanto para Europa como Norteamérica, ademais de Nova Zelandia (GBIF, Secretariat, en liña), parece tratarse dun taxon común e frecuente en Galicia.

Familia *HYMENOGASTRACEAE*

***Galerina hypnorum* (Schrank) Kühner**, *Galera*: 194. 1935 [Fig. 10]

Covas, sobre musgo, 24/11/2024, M. Castro, LOU-Fungi 22160. Chapeu campaniforme, non supera o centímetro de diámetro, higrófano, fortemente estriado por transparencia, de cor parda clara ou parda ocre, con estrías máis escuras, pé moi delgado, sen anel, esvelto, concolor co chapeu. Esporas ovóides, en KOH algo verrucosas, de $8-11 \times 5-6\mu\text{m}$, queilocistidios non capitados, laxeniformes.

Está amplamente citada para Europa (GBIF SECRETARIAT, en liña), en Galicia aparece publicada para varias provincias (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, en liña), non para a de Ourense.



Figura 10. *Galerina hypnorum*

***Hebeloma sacchariolens* Quél.**, *Bull. Soc. Amis Sci. Nat. Rouen*, sér. 2, 15: 158. 1880 (1879)

Covas, marxe de bosque mediterráneo, 24/11/2024, R. Mínguez & M. Castro, LOU-Fungi 22161.

A morfoloxía macro e microscópica é perfectamente coincidente coa indicada por GRILLI *et al.* (2020) e o marcado cheiro azucarado parecen confirmar que se trata deste taxon.

Por outra banda, é común no Xapón, Nova Zelandia e Hemisferio Norte, especialmente en Europa ao igual que no norte da Península Ibérica (GBIF, Secretariat, en liña). En Galicia aparece mencionado para A Coruña, Lugo e Pontevedra, non así para Ourense.

Familia *INOCYBEACEAE*

***Inosperma cervicolor* (Pers.) Matheny & Esteve-Rav.**, *Mycologia*, 112(1): 102. 2019

Covas, marxe de bosque con *Quercus rotundifolia*, 24/11/2025, N.A. Lomba e M. Castro, LOU-Fungi 22166.

Chapeu dende 1,5 a 4 cm de diámetro, cónico ao principio, con mamelón obtuso neto, fortemente recuberto por escamas escuras sobre fondo pardo, marxe incurvada, láminas adnadas ou sublibres, de cor parda vermelliza coa arista branca crema, pé de 3-7x0,3-0,6 cm, coa base lixeiramente inchada, pruinoso no ápice e branco na base. Cheiro lixeiro a peixe nas láminas.

Esporas de 10-15x7,5(10)µm, morfoloxicamente variables, de elipsoides a faseoliformes, basidios tetráspóricos, cistidios ata 60x20µm, flexuosos e algún subcapitado.

Parece tratarse dunha especie común en Europa (GBIF SECRETARIAT, en liña), inda que para Galicia só se coñece da provincia de Lugo (SAAVEDRA, 2021). Trátase dunha novidade para a provincia de Ourense.

***Inocybe geophylla* P. Kumm.**, *Führer. Pilzk.*: 78. 1871 [Fig. 11]

Oulego, marxe de bosque con *Quercus rotundifolia*, 23/11/2025, M. Castro, LOU-Fungi 22165.

Chapeu de cor branca suxa, máis ou menos extendido na

madurez, láminas branco grisáceas, despois pardas coa arista máis clara e pé concolor co chapeu. Cheiro fortemente espermático.

Esporas lisas, elipsoides, de 7-10x4-5 µm. Cistidios ata 65-70x25 µm, máis ou menos fusiformes, con paredes grosas.

Dispersamente mencionada no Hemisferio Norte, con maior frecuencia en Europa (GBIF SECRETARIAT, en liña). Frecuente na Península Ibérica, incluso baixo *Quercus rotundifolia* (MICOEX, 2016), tamén en Galicia, inda que non aparece mencionada para a provincia de Ourense.



Figura 11. *Inocybe geophylla*

Familia LYOPHYLLACEAE

***Tephrocybe misera* (Fr.) M.M.Moser ex Contu & Vizzini,**
Mycotaxon, 118: 456. 2012 (2011)

Covas, bosque mediterráneo, 24/11/2024, M. Castro, LOU-Fungi 22176.

Chapeu aplanado ou lixeiramente umbilicado, de 1,2-1,9 cm de diámetro, glabro, de cor parduzca en húmido, estriado até a metade, láminas de cor ocre, bastante decurrentes, separadas, con lamélulas intercaladas, pé de cor máis clara que o chapeu, algo inchado na base, de 1,3-3,5x0,2-0,4 cm. Sen cheiro aparente.

Basidios mono, bi e tetraspóricos, ata 30x10 µm, con longos esterigmas. Esporas non amiloides, elipsoides ou subglobosas, de 8-11x7-10 µm. Cistidiolos cilíndricos, semellantes en tamaño aos basidios. Observáronse algunhas hifas con fíbulas.

Especie mencionada, inda que escasamente, para o Hemisferio Norte (GBIF, Secretariat, en liña). Na Península Ibérica foi mencionada para Córdoba (MERINO, en liña). Non se coñece de Galicia.

Familia NAEMATELIACEAE

***Naematelia aurantia* (Schwein.) Burt, Ann. Missouri Bot. Gard., 8: 368. 1921**

(= *Tremella aurantia* Schwein.)

Oulego, sobre *Stereum hirsutum*, 23/11/24, F.X. Martins, LOU-Fungi 22175.

Basidioma xelatinoso, de cor amarela alaranxada en fresco, máis intensa en seco.

É difícil establecer a súa distribución, xa que ata hai relativamente pouco tempo era confundida con *Tremella mesenterica* Retz. (CHEN, 1998), inda que esta se desenvolve sobre *Peniophora* spp., non sobre *Stereum* (LIU *et al.*, 2016). Con todo, atópase amplamente extendida no Hemisferio Norte e no sur de Australia (GBIF SECRETARIAT, en liña).

Familia OMPHALOTACEAE

***Collybiopsis quercophila* (Pouzar) R.H. Petersen, Mycotaxon, 136(2): 344. 2021 [Fig. 12]**

(= *Marasmius quercophilus* Pouzar; = *Gymnopus quercophilus* (Pouzar) Antonín & Noordel.)

Covas, sobre folla de *Quercus rotundifolia*, 24/11/2025, M. Castro, LOU-Fungi 22159.

Chapeu de pequeno tamaño, ata 5 mm de diámetro, branco crema, escuro no centro, onde está lixeiramente deprimido e profundamente estriado. Láminas separadas, anchas, sen collario. Pé ata 3,5 cm, filiforme, de cor parda vermelliza, con algún rizomorfo.

Basidios bi ou tetraspóricos, parecen ter fíbulas, ata 25x6 µm. Esporas elipsoides, lisas, hialinas, de 6-8x3,5-5 µm, algo máis pequenas que as indicadas por ANTONÍN & NOORDELOOS (1993), pero coincidentes con MERINO (en liña). Queilocistidios en forma de maza e acabados en cepillo.

Especie característica de follas do xénero *Quercus*, preferentemente perennifolios, podería confundirse con *Gymnopus androsaceus* (L.) Della Magg. & Trassin., pero este vive sobre acículas de coníferas. Común en Europa (GBIF SECRETARIAT, en liña), aparece citada para as provincias de Pontevedra e Ourense (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, en liña).

Familia *PHYSALACRIACEAE*

***Xerula pudens* (Pers.) Singer, Lilloa, 22: 289. 1951 (1949)**

(= *Xerula longipes* (Roussel) Maire)

Covas, fortemente enterrada entre musgo, sobre madeira descomposta, 24/11/2024, M. Castro, LOU-Fungi 22179.

Só foi observado un basidioma, de 2 cm de diámetro no chapeu, de cor crema agrisada, marxe involuta, láminas adnadas, intervenadas e anchas, pé concolor co chapeu no ápice, o resto de cor acastañada, aspecto tomentoso a simple vista, moi longo 9,5x0,4 cm na parte máis ancha, aguzándose cara a base, radicante. Cheiro non apreciable.

Basidios tetraspóricos, 40-50x10 µm, probablemente bucleados, inda que non se conseguiu observar con claridade, con gotas lipídicas tanto no interior coma no exterior, esporas lisas, subglobosas ou citriformes, de 8-10(11)x(6)7-9(10) µm,



Figura 12.
Collybiopsis
quercophila

queilocistidios ata $70 \times 10 \mu\text{m}$, paredes grosas, sublaxeniformes a cilíndricos, ás veces cunha constrición próxima ao ápice, non se observaron cristais apicais, estipe con pelos longos hialinos ou lixeiramente pardos, flexuosos e delgados, $\times 5 \mu\text{m}$.

O tamaño esporal e o resto das medidas, ao igual que as imaxes, coinciden mellor coas indicadas por BOEKHOUT (1999) e PANCORBO & RIBES (en liña), que as mostradas por MUÑOZ (2024). Parece tratarse dunha especie común en Europa e costa oriental de Nortamérica, con todo non se coñece de Galicia.

Familia *POLYPORACEAE*

***Trametes versicolor* (L.) Lloyd**, *Mycol. Writings*, 6(65): 1045. 1920 [Fig. 13]

Oulego, sobre *Quercus rotundifolia*, 23/11/2024, F.X. Martins, LOU-Fungi 22177.

Basidiomas de cor escura, con numerosas bandas concéntricas, intercalando hirsutas con depiladas, marxe máis clara e liña negra discontinúa entre a cutícula e a trama.

Taxon extremadamente común sobre todo tipo de plantas leñosas, vivas ou mortas, por todo o planeta (GBIF SECRETARIAT, en liña).



Figura 13. *Trametes versicolor*

Familia *RUSSULACEAE*

***Lactarius atlanticus* Bon**, *Doc. mycol.*, 5(17): 23. 1975 [Fig. 14]
Oulego, zona pedregosa baixo *Quercus rotundifolia*, 23/11/2025,
M. Castro & F.X. Martins, LOU-Fungi 22170.

Chapeu deprimido, sen mamelón, ata 3,5cm de diámetro, cutícula seca, lixeiramente rugosa cara a marxe, cor parda, máis alaranxada cara a marxe, destacan as láminas subdecorrentes e de cor ocre amarelada ao principio, despois máis pardas,

desiguais, e o pé de cor parda alaranxada, coma o centro do chapeu. Látex acuoso, non pica, inda que no fin manifesta un certo sabor amargo. Cheiro pouco agradable.

Esporas subglobosas, con crestas reticuladas, de $(6,5)7-9,5 \times (5,5)7-8,5 \mu\text{m}$, basidios tetraspóricos con largos esterigmas, non se observaron fibulas. Células marxinais cilíndricas a case utriformes, ata $30(35) \times 7-10(12) \mu\text{m}$.

Seguindo o criterio de BASSO (1999), o atoparse baixo planifolias, xunto coa coloración parda, as láminas amareladas e o latex acuoso fano semellante a *Lactarius serifluus* (DC.) Fr.; pero a ausencia de macrocistidios, a subpellis con elementos globosos e o crecemento baixo *Quercus rotundifolia* parecen indicar que se trata de *Lactarius atlanticus* (KAYGUSUZ, 2022), o que foi constatado molecularmente (MORALES-VERA *et al.* 2025).

Frecuente na Europa mediterránea, extendéndose ao norte ata os Países Baixos e no leste ata Turkia (GBIF SECRETARIAT, en liña). O material recolectado na Serra da Enciña da Lastra é o primeiro que se menciona para Ourense (MORALES-VERA *et al.*



Figura 14. *Lactarius atlanticus*

2025). Tamén foi citada en Pontevedra (GAREA & REQUEJO, 2021).

***Lactifluus rugatus* (Kühner & Romagn.) Verbeken, Mycotaxon, 120: 448. 2012 [Fig. 15]**

Oulego, bosque mediterráneo, 23/11/24, R.Mínguez e A. Mínguez, LOU-Fungi 22169.

Un basidioma de 7 cm de diámetro, irregular e coa marxe esgallada, cutícula lixeiramente rugosa, alaranxada, aparentemente con algún círculo concéntrico pardo avermellado e discontinuo. Láminas lixeiramente decurrentes, algo máis amareladas, latex non picante, translúcido opaco. Pé corto, de tonalidades lixeiramente máis claras que o chapeu. Non foi posible aplicar reactivos, o que facilitaría a súa identificación *in situ*.

Esporas de 7,5-10x6,5-8 μm , con retículo case completo, inda que as crestas non son demasiado aparentes.

Pode confundirse con *Lactifluus volemus* (Fr.) Kuntze, inda que este ten cores máis escuras, non ten a cutícula engurrada e o latex é moi abundante e branco intenso (BASSO, 1999).

Na Península Ibérica, para a que está amplamente citado, *Lactifluus rugatus* prefere bosques termófilos, por iso en Galicia aparece mencionado para as provincias atlánticas e Ourense (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, en liña). É frecuente en Europa e aparece puntualmente mencionado para Norteamérica e Asia (GBIF SECRETARIAT, en liña).



Figura 15. *Lactifluus rugatus*

***Russula acrifolia* Romagn.**, *Doc. mycol.*, 26(104): 32. 1997 [Fig. 16]
Oulego, marxe de bosque, baixo *Quercus rotundifolia*,
23/11/2024, R. Mínguez, LOU-Fungi 22174.

Dous basidiomas bastante robustos e degradados, inda así púidose observar o avermellamento suave da carne e o lento ennegrecemento. Sabor extremadamente amargo, incluso en seco. Cor do chapeu parda, máis escura no centro e algo viscosa, láminas apertadas e brancas e o pé de cor branca, con reflexos semellantes ao chapeu.

Esporas elipsoides, con verrugas parcialmente reticuladas, de 7-9,5x6-7,5µm. Pelos cilíndricos na cutícula, non inchados, o que permite diferenciala de *Russula densifolia* Secr. ex Gillet (MONEDERO, 2011).

Parece tratarse dun taxon frecuente tanto baixo planifolios como coníferas, mencionado para Europa e algúns outros lugares de Asia e Norteamérica (GBIF SECRETARIAT, en liña). En Galicia aparece mencionada para A Coruña, Lugo e máis recentemente, Ourense (RIVAS & CASTRO, 2018).



Figura 16. *Russula acrifolia*

Familia STEREOACEAE

***Stereum hirsutum* (Willd.) Pers., *Observ. mycol.*, 2: 90. 1800 (1799)**

Oulego, sobre *Quercus rotundifolia*, parasitado por *Naematelia aurantia*, 23/11/24, F.X. Martins, LOU-Fungi 22175.

Basidiomas efuso-reflexos cubrindo unha rama caída, parasitado por *Naematelia aurantia*. Chapeus hirsutos, con bandas concéntricas e himenio liso, pardo amarelado ou ocráceo coa idade.

Trátase dun taxon moi comun tanto en Europa como en América, especialmente na do Norte (GBIF SECRETARIAT, en liña).

Familia *TRICHOLOMATACEAE*

***Melanoleuca graminicola* Kühner & Maire, Bull. trimestriel. Soc. mycol. France, 50: 18. 1934 [Fig. 17]**

Oulego, entre herba nunha zona de recreo, 23/11/2024, R. Mínguez & M. Castro, LOU-Fungi 22172.

Chapeu ata 6,5 cm de diámetro, aplanado cun umbón obtuso, glabro, de cor parda grisácea a case branca, algo máis escura no centro, láminas apertadas e lixeiramente escotadas ou subdecurrentes por un dente, de cor crema pálida e pé ata 6 x 0,5 cm, nalgúns exemplares ensánchase lixeiramente na base, de cor moito máis clara que o chapeu, nalgún exemplar case branca, lixeiramente pubescente no ápice. Cheiro e sabor suave.

Basidios tetraspóricos, ata 35 x 8 µm, con longos esterigmas, ata 5 µm, esporas de 6,5-8,75(10) x 4,5-6 µm, elipsoides, con verrugas amiloides pequenas. Células marxinais claviformes, sen pleurocistidios e queilocistidios tabicados e adelgazados na metade superior, urticoides, escasos.

Melanoleuca graminicola caracterízase polos basidiomas pequenos, co chapeu de cor escura ou clara, algo máis escuro no centro, láminas brancas, o pé de cor clara, pubescente no ápice e basidiosporas moderadamente grandes, ademais dos queilocistidios urticoides dispersos (ANTONÍN *et al.*, 2023). Ademais, os taxons acistidizados: *Melanoleuca striimarginata* Métrod ex Bon, *M. angelesiana* A.H. Smith, *M. 'paratristis'* [sic] e *M. graminicola* están tan estreitamente relacionados morfolóxica e molecularmente que probablemente se poderían reducir a un,

coa prioridade nomenclatural de *Melanoleuca graminicola* (VIZZINI *et al.*, 2011).

Perante esta problemática na súa taxonomía non é doado establecer a distribución da especie; con todo, en Galicia, aparece mencionada para A Coruña (MARCOTE *et al.*, 2011).



Figura 17. *Melanoleuca graminicola*

***Tricholoma triste* (Scop.) Quél., Mém. Soc. Émul. Montbéliard, sér. 2, 5: 79. 1872**

Oulego, entre herba nunha zona de recreo, próximo a diversas especies de planifolias, 23/11/2024, R. Mínguez & M. Castro, LOU-Fungi 22178.

Chapeu ata 4,5 cm de diámetro, de cor gris clara, con escamas case negras espalladas por el, mamelón obtuso, láminas brancas ao principio, despois lixeiramente grisáceas, non se avermellan ao tacto, pé concolor ao chapeu con algunhas feбриñas negras espalladas lonxitudinalmente, ata 4 x 0,6 cm, lixeiramente inchado na base. Sabor lixeiro a fariña.

Basidios tetraspóricos, ata 30 x 6 µm, esporas hialinas, elipsoides, de 5-6,5 x 4-4,5 µm, menores que as indicadas por CHRISTENSEN &

HEILMANN-CLAUSEN (2013), pero coincidentes con RIVA (1988) e GALLI (2003). Non se observaron fíbulas.

As especies grises do xénero *Tricholoma* non sempre son doadas de diferenciar, neste caso o pequeno tamaño e o hábitat entre herba conducen a esta especie (CHRISTENSEN & HEILMANN-CLAUSEN, 2013, GALLI, 2003).

Parece tratarse de un taxon común en el Hemisferio Norte (GBIF SECRETARIAT, en liña), en Galicia aparece mencionado para A Coruña (CASTRO, 2019) e Lugo (DAPENA, 1995). Non se coñece publicada para Ourense.

AGRADECEMENTOS

A todos os compañeiros do Grupo Micolóxico Galego «Luis Freire» que participaron na saída e se esforzaron en recolectar parte do material estudado, e que figuran no *legit* de cada colección. A Antonio Prunell pola axuda con algunhas fotografías.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AEMET 2024. *Resumen estacional climatológico. Otoño 2024*. Agencia Estatal de Meteorología.
- AMIGO VÁZQUEZ, J., PULGAR, SAÑUDO, I. & GIMÉNEZ DE AZCÁRATE, J. 2005. *Guía da Flora do “Parque Natural Serra da Enciña da Lastra”*. Consellería de Medio Ambiente, Xunta de Galicia.
- ANTONÍN, V. & NOORDELOOS, M.E. 1993. *A monograph of Marasmius, Collybia and related genera in Europe Part 1: Marasmius, Setulipes, and Marasmiellus*. Libri Botanici 8. IHW-Verlag.
- ANTONÍN, V., ĎURIŠKA, O., JANČOVIČOVÁ, S., KUDLÁČEK, T., PARA, R., ŠEVČIKOVÁ, H. & TOMŠIVSKÝ, M. 2023. Two new European species of *Melanoleuca* (Fungi, Agaricales) with comments on the *M. graminicola* group. *Syst. Biodivers.*, 21(1): 2218375. DOI: 10.1080/14772000.2023.2218375
- ARAUZO, S. & IGLESIAS, P. 2014. La familia Geoglossaceae ss. str. en la Península Ibérica y la Macaronesia. *Errotari*, 11: 166-259.
- BASSO, M.T. 1999. *Lactarius Pers. Fungi Europaei* 7. Mykoflora. Alassio.
- BOEKHOUT, T. 1999. *Xerula* Maire emend. Dörfelt in: C.Bas, Th.W. Kuyper, M.E.Noordeloos & E.C.Vellinga (eds.). *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of Agarics and Boleti occurring in the Netherlands*, Vol. 4: 181-184. A.A.Balkema.

- Rotterdam. Brookfield.
- CALONGE, F.D. 1998. *Flora Mycologica Iberica*, vol. 3. *Gasteromycetes*, I. *Lycoperdales*, *Nidulariales*, *Phallales*, *Sclerodermatales*, *Tulostomatales*. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC & Cramer.
- CAMPOAMOR, J.N. 2002. Fragmenta Chorologica Occidentalia, Fungi 8482-8524. *Anales Jard. Bot. Madrid*, 60(1): 205-208.
- CASTRO MARCOTE, J.M. 2019. *Tricholoma triste* in *Catálogo Micológico de Galicia*. FGM in [consulta 30/04/2025].
- CHEN C.J. 1998. Morphological and molecular studies in the genus *Tremella*. *Biblioth. Mycol.* 174.
- CHRISTENSEN, M. & HEILMANN-CLAUSEN, J. 2013. The genus *Tricholoma* in *Fungi and Northern Europe* 4. Svampetryk.
- CORRAL, S. & REQUEJO, O. 2018. Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi 290-301. *Mykes*, 21: 77-80.
- DAPENA, L. 1995. Hongos del “Valle de Lemos”. *Bol. Soc. Micol. Móstoles*, 1: 1-6.
- FGM, Federación Galega de Micoloxía, en liña. *Catálogo de fungos de Galicia*. Disponible en <https://www.fgmicoloxia.org/basidiomycetos.php> [Consulta 19/05/2025]
- GALLI, R. 2003. *I Tricolomi*. Edinatura.
- GAREA, M. & REQUEJO, O. 2021. Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi 385-390. *Mykes*, 24: 131-133.
- GBIF SECRETARIAT, en liña. *GBIF Secretariat Backbone Taxonomy. Checklist dataset* (en liña). Disponible en <https://www.GBIF Secretariat.org/> [Consulta 19/05/2025]
- GIMÉNEZ DE AZCÁRATE CORNIDE, J. & AMIGO, J. 1996. Inventario da flora vascular de afloramientos calizos de Galicia (*Pteridophyta* e *Spermatophyta*). *Cadernos Área Ci. Biol. (Inventarios), Seminario Est. Galegos*, 12: 1-181.
- GRILLI, E., BEKER, H.J., EBRHARDT, U. & SCHÜTZ, N. 2020. *Hebeloma* (Fr.) P. Kumm. supplement in *Fungi Europaei* 14A. Candusso Editrice.
- HE, Z.-M., CHEN, Z.-H., BAU, T., WANG, G.-S. & YANG, Z.L. 2023. Systematic arrangement within the family *Clitocybaceae* (*Tricholomatineae*, *Agaricales*): phylogenetic and phylogenomic evidence, morphological data and muscarine-producing innovation. *Fungal Diversity*, 123(1): 1-47. DOI: 10.1007/s13225-023-00527-2
- INDEX FUNGORUM, en liña. *CAB International*, y (eds.). Disponible en <https://www.index fungorum.org/names/names.asp> [Consulta 19/04/2025]
- JÜLICH, W. 1989. *Guida alla determinazione dei funghi*, 2.

- Aphyllorphorales, Heterobasidiomycetes, Gastromicetes*. Trento. Arti Grafiche Saturnia.
- KAYGUSUZ, O. 2022. *First Record of Lactarius atlanticus (Russulaceae, Basidiomycetes) from Turkey in the Subgenus Russularia in R.C. Beram (Ed.), Interdisciplinary Basic Science Research and Approaches: 125-144*. SRA Lithuania Academic Publishing.
- KUCĚRA, V. & LIZOŇ, P. 2012. Geoglossaceous fungi in Slovakia III. The genus *Geoglossum*. *Biologia*, sect. *Bot.*, 67(4): 654-658. DOI: 10.2478/s11756-012-0053-6
- KUYPER, T.W. 1995. Genus *Clitocybe* (Fr.) Staude. In: C.Bas, Th.W.Kuyper, M.E.Noordeloos & E.C.Vellinga (eds.). *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of Agarics and Boleti occurring in the Netherlands, Vol. 3: 42-62*. A.A. Balkema. Rotterdam. Brookfield.
- LIU, X.Z., WANG, Q.M., GÖKER, M., GROENEWALD, M., KACHALKIN, A.V., LUMSCH, H.T., MILLANES, A.M., WEDIN, M., YURKOV, A.M., BOEKHOUT, T. & BAI, F.Y. 2016. Towards an integrated phylogenetic classification of the *Tremellomycetes*. *Stud. Mycology*, 81: 85-147.
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. & TRABA, J.M. 2011. *500 setas del litoral atlántico y noroeste peninsular*. Ponte Caldelas. Edicións do Cumio.
- MÁRQUEZ-SANZ, R., PÉREZ-GORJÓN, S., SALCEDO, I. & OLARIAGA, I. 2023. *Hydnum pallidum* Raddi, the correct name for *H. albidum* Peck in the sense of European authors and the recently described *H. reginae* Kibby, Liimat. & Niskanen. *J. Fungi*, 9(12): 1141.
- MEDARDI, G. 2006. *Atlante fotografico degli Ascomiceti d'Italia*. Trento. Ed. A.M.B.
- MERINO ALCÁNTARA, D. en liña. *Tephrocybe misera* (Fr.) M.M. Moser ex Contu & Vizzini in <https://www.micobotanicajaen.com/Revista/Articulos/DMerinoA/Aportaciones034/Tephrocybe%20misera.pdf> [Consulta: 2/05/2025]
- MERINO ALCÁNTARA, D., en liña. *Collybiopsis quercophylla* (Pouzar) R.H. Petersen in [Consulta: 1/04/2025]
- MICOEX, 2016. *Inocybe geophylla* in <https://micoex.org/2016/09/17/inocybe-geophylla/> [Consulta 4/04/2025]
- MONEDERO GARCÍA, C. 2011. *El género Russula en la Península Ibérica*. Ed. Centro de Estudios Micológicos de Euskadi.
- MORALES-VERA, M., CAZÁS, N., MORÁN, P. & RIVAS-FERREIRO, M. 2025. *Chorological contributions to the ectomycorrhizal fungi of Galicia (NW Iberian Peninsula) through DNA barcoding* [póster]. XXIV

- International Symposium of Cryptogamic Botany, Pontevedra.
- MUÑOZ, J.A. 2018. *Clitocybe rivulosa* (Pers.:Fr.) P.Kumm. Fichas micológicas nº211. Disponible en <https://micologica-baracaldo.org/Clitocybe-rivulosa> [Consulta 22/04/2025]
- MUÑOZ, J.A. 2024. *Xerula pudens* (Pers.) Singer. Fichas micológicas nº 845. Disponible en <https://micologica-baracaldo.org/Xerula-pudens> [Consulta: 23/4/2025]
- PALAZÓN LOZANO, F. 2001. *Setas para todos*. Pirineo.
- PANCORBO, F. & RIBES, M.A., en liña. *Xerula pudens* (Pers.) Sing. Disponible en [09/Xerula%20pudens_n.pdf](https://micologica-baracaldo.org/09/Xerula%20pudens_n.pdf) [Consulta: 23/4/2025]
- RIBES, M.A., en liña. *Peziza berthetiana* Donadini In <https://www.micobotanicajaen.com/Revista/Articulos/MARibesR/Cuenca001/Peziza%20berthetiana%20091108%20112.pdf> [Consulta: 23/4/2025]
- RIVA, A. 1988. *Tricholoma* (Fr.) Staude. *Fungi Europaei* 3. Saronno. Libreria editrice G.Biella.
- RIVAS, M. & CASTRO, M. 2018. Macromicetos da Reserva da Biosfera Área de Allariz: aportación ao catálogo micolóxico da provincia de Ourense. *Mykes*, 21: 27-49.
- RODRÍGUEZ GUTIÁN, M. & RAMIL-REGO, P. 2007. Clasificaciones climáticas aplicadas a Galicia. Revisión dende una perspectiva biogeográfica. *Recursos Rurais*, 1(3): 31-53.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L. En liña. *MICOGA. Base de datos de información corolóxica da micobiota galega* [en liña]. Disponible en <https://www.mykes.es/busquedas> [Consulta 19/05/2025].
- ROMERA MUÑOZ, M. 2015. Primera cita de *Hydnum albidum* Peck en pinar costero de *Pinus pinea* para la provincia de Cádiz. *Micobotánica-Jaen*, 10(1). Disponible en <https://www.micobotanicajaen.com/Revista/Articulos/MRomeraM/HydnumAlbidum/Hydnum.html> [Consulta: 8/05/2025]
- SAAVEDRA LÓPEZ, M. 2021. *Inosperma cervicolor* in *Catálogo Micolóxico de Galicia*. FGM in <http://www.fgmicoloxia.org/catalogo.php> [Consulta: 30/04/2025]
- VIZZINI, A., PARA, R., FONTENLA, R., GHIGNONE, S. & ERCOLE, E. 2011. A preliminary ITS phylogeny of *Melanoleuca* (Agaricales) with special reference to European taxa. *Mycotaxon*, 118: 361-381.